

## OS FENTOS RAROS E AMEAZADOS DA GALIZA. IMPORTANCIA DO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME PARA A SÚA CONSERVACIÓN

LUIS GARCÍA QUINTANILLA & JAVIER AMIGO VÁZQUEZ. Dpto. de Bioloxía Vexetal. Facultade de Farmacia. Universidade de Santiago.

### A DIVERSIDADE DOS FENTOS AUTÓCTONOS NA GALIZA

Os pteridófitos ou fentos son plantas con tecido vascular, que producen esporas, carecendo de sementes e de flores. Un exemplo que todo o mundo coñece é o fento macho (*Pteridium aquilinum*), que ocupa enormes extensións na Galiza nos sotobosques dos cultivos forestais de eucalipto e piñeiro. Apenas hai nomes vulgares específicos para os pteridófitos, aos que en xeral se lles fai referencia como fentos, feitos ou felgos. Isto está en boa parte motivado pola dificultade que amosa a súa identificación a primeira vista. Poren, como os fentos engloban poucos taxons, comparado con outros grupos vexetais, pode-se adquirir rápidamente unha visión de conxunto sobre eles. Concretamente na Galiza hai 67 especies e subespecies de fentos autóctonos.

Desde o punto de vista ético e científico non hai nengunha razón para destinar menos esforzo á conservación dos fentos do que a outros grupos de especies máis populares, como certas aves, grandes carnívoros ou, entre os vexetais, as árbores. O establecemento de estratexias de conservación acaidas para protexer o patrimonio natural de Galiza, ou de calquera outro territorio, require o establecemento de prioridades, sempre condicionadas polas limitacións dos recursos que a sociedade, a través da administración, está disposta a por ao servizo da conservación. Mais as prioridades deberían basearse en criterios ben distintos á popularidade das especies consideradas: a rareza ou risco de extinción principalmente.

As categorías de especies ameazadas da UICN constitúen un sistema de valoración de risco de extinción amplamente usado nas últimas décadas. Na táboa adxunta amosan-se os distintos listados publicados até agora que dan categoría aos fentos presentes na Galiza. Non repetimos as definicións das categorías da UICN pois aparecen en varias das fontes utilizadas. Chega aquí con lembrar que están ordenadas de maior a

que non recollemos na táboa, de acordo co publicado, merecen a categoría de Non ameazados.

Como xa se ten sinalado nesta revista (ORTIZ & al. 1997), non hai nengunha lexislación no ámbito autonómico que protexa expresamente a nosa pteridoflora, mais algunhas especies contan cunha certa protección por teren poboacións dentro de espazos naturais protexidos. A figura de Parque Natural é a máis importante, e case a única, que na práctica protexe a natureza da Galiza. A recente concesión da figura de Parque Natural ás Fragas do Eume (DOG 153, 11 de agosto) pode ser un enorme avance na protección dos fentos raros ou ameazados; algúns deles aparecen tamén noutros Parques.

*Asplenium marinum* está nos dous Parques costeiros, Illas Cíes e Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, e é que, fidel ao seu nome, limita-se aos ambientes mariños, sobre todo no cantís. No entorno do P.N. Baixa Limia Serra do Xurés deuse a única cita galega de *Christella dentata*, nun tramo fluvial actualmente moi alterado; probablemente é unha especie extinguida no noso territorio. O P.N. Monte Aloia, ao igual que os tres nomeados, ten un só fento raro o ameazado: *Cystopteris viridula*. Amáis deste último fento, o P.N. Fragas do Eume

ten importantes poboacións de *Culcita macrocarpa*, *Dryopteris ganchica*, *Hymenophyllum tunbrigense*, *Vandenboschia speciosa* e *Woodwardia radicans*. Dos seis parques naturais galegos só nos falta considerar o de Invernadeiro, que no ten nengún fento raro ou ameazado.



Os dous xigantes do bosque: *Culcita macrocarpa* (esquerda) e *Woodwardia radicans* (dereita).

menor risco de extinción do seguinte xeito: En perigo > Vulnerable > Rara. Hai outras categorías que polo de agora non foron atribuídas á pteridoflora galega: Extinguida, Indeterminada ou Insuficientemente coñecida, e os taxons

### A IMPORTANCIA DAS FRAGAS DO EUME

Entre os Parques Naturais da Galiza sobrancean as Fragas do Eume non só polo seu número de fentos raros ou ameazados moi superior aos outros, senon tamén polo seu número total de especies e subespecies, 28 (datos propios sen publicar), sendo o que máis se lle achega o da Baixa Limia Serra do Xurés, con 16.

As Fragas do Eume constitúen a maior masa boscosa da Galiza costeira. Nos territorios ao oeste da Dorsal galega e ao norte da Serra do Xistral os bosques

teñen sido arrasados, ficando só restos nos vales máis

encaixados, como os dos ríos Tambre, Mandeo, Mera, Sor, e sobre todo Eume. Actualmente a maquinaria pesada permite facer pistas en terreos moi inclinados, abrindo á explotación bosques antigos pouco estragados.

No val do Eume, como ocorre na Galiza en xeral, seguen-se a realizar talas a matarrasa, que unidas á acción do lume e á forte pendente, favorecedora dos procesos erosivos, supoñen un método de explotación forestal moi destructivo.

Os Fentos raros ou ameazados das Fragas do Eume son plantas do bosque, ligadas ás súas peculiares condi-

cións microclimáticas. A súa distribución na área protexida fica case limitada ás posicións de luz atenuada e elevada humidade atmosférica e edáfica ao longo das vagoadas que chegan ao Eume, sobre todo nas de menores altitudes, pois tratase dunha flora termófila. Para asegurar a supervivencia da valiosa pteridoflora do Parque, débese evitar calquera tipo de intervención na pequena superficie con ambiente típico de vagoada (unhas poucas decenas de metros a cada un dos lados dos corgos que desembocan no Eume).

### DEBERÍASE COMEZAR A REGULAR A ENTRADA DE VEHÍCULOS POLA ESTRADA QUE ASCENDE O RÍO, SOBRETUDO NOS PERÍODOS ESTIVAIS.

Natural é o dunha enorme propaganda que conleva un grande incremento no número de visitantes. As Fragas do Eume xa gozaban dunha grande fama turística favorecida pola súa proximidade a unha das zonas densamente poboadas de Ferrol, Pontedeume e A Coruña. Nos períodos estivais entra pola estrada que ascende o río un grande número de vehículos que debería comezar a regular-se. A falta de control ten permitido actos de vandalismo especialmente no mosteiro de Caaveiro.

Sobradamente coñecido é que a principal causa de destrución dos

O primeiro efecto que ten nun territorio a súa declaración como Parque

bosques do Eume son as plantacións de eucalipto, de grande pobreza biolóxica, ao menos en canto a flora vascular. Mais nos Parques Naturais débense compatibilizar as actividades productivas tradicionais, a conservación da natureza e as actividades de lecer, as didácticas e as científicas. O cultivo de eucalipto non poderá ser considerado como unha actividade tradicional, mais ten unha enorme importancia na economía das persoas que viven no entorno do Parque. Só a través do acordo con estas xentes se pode pensar en frear o deterioro das Fragas do Eume. Uns poucos non poden pagar as necesidades de lecer da maioría.

### BIBLIOGRAFÍA

- BARRENO, E., BRAMWELL, D., CABEZUDO, B. & al. 1984. Listado de plantas endémicas, raras o ameazadas de España. Información Ambiental 3: 1-24. Madrid.
- DOMÍNGUEZ LOZANO, F., GALICIA HERBADA, D., MORENO RIVERO, L., MORENO SAIZ, J.C. & SAINZ OLLERO, H. 1996. Threatened plants in Peninsular and Balearic Spain: a report based on the EU Habitats Directive. Biological Conservation 76: 123-133.
- IZCO, J. 1989. Flora vascular. In: Díaz-Fierros, F., Río Barxa, F. & Vieitez Cortizo, E. (coords.) A natureza ameazada, xea, flora e fauna de Galicia en perigo: 141-202. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- ORTIZ, S., RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & IGLESÍAS, I. 1997. Situación actual do coñecemento e nivel de protección da flora rara e ameazada da Galiza. Cerna 20: 20-21.
- SALVO, A.E. 1990. Guía de helechos de la Península Ibérica y Baleares. Pirámide. Madrid.
- SALVO, A.E. & CABEZUDO, B. 1985. Libro Rojo de los helechos de la Península Ibérica y Baleares. Quercus 18: 29.

**Pteridófitos raros e ameazados da Galiza.** As letras corresponden ás categorías da UICN: En perigo (E), Vulnerable (V) e Rara (R). Suliñan-se as especies presentes nos Parques Naturais galegos.

	Barreno	Salvo	Izco 1989			Salvo 1990			Domínguez
	& al. 1984	Cabezudo 1985	Galiza	Xeral	Interese	Rexional	Europea	Mundial	& al. 1996
<i>Asplenium marinum</i>	R	•	•	•	•	•	•	•	•
<i>Christella dentata</i>	E	E	•	•	Mundial	E	V	R	•
<i>Culcita macrocarpa</i>	V	E	E	V	Mundial	V	V	R	V
<i>Cystopteris viridula</i>	•	•	•	•	Continental	R	•	•	•
<i>Dryopteris guanchica</i>	•	V	V	•	Mundial	R	R	R	•
<i>Huperzia selago subsp. selago</i>	•	•	E	•	Rexional	R	•	•	•
<i>Hymenophyllum tunbrigense</i>	•	•	V	•	Continental	V	R	•	•
<i>Isoetes longissimum</i>	•	V	V	•	Continental	E	E	•	•
<i>I. velatum subsp. asturicense</i>	•	•	•	•	Continental	V	R	•	R
<i>I. velatum subsp. velatum</i>	R	•	•	•	•	•	•	•	•
<i>Lycopodiella inundata</i>	•	•	•	•	Rexional	R	•	•	•
<i>Lycopodium clavatum</i>	•	•	•	•	Rexional	R	•	•	•
<i>Pilularia globulifera</i>	V	V	•	•	Mundial	V	V	V	•
<i>Stegnogramma pozoi</i>	•	R	•	•	Continental	R	R	•	•
<i>Vandenboschia speciosa</i>	V	E	E	V	Mundial	R	R	R	R
<i>Woodwardia radicans</i>	V	R	V	V	Mundial	R	R	V	R